

ANUNCIO.

PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), QUE SE REXE POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO Nº 13/54, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2024, MODIFICADAS POSTERIORMENTE POLO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚMERO 16/118, DO 13 DE MARZO DE 2024, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO 13/54, DO 21 DE FEBREIRO DE 2024 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO REFERIDO PROCESO SELECTIVO-

O Tribunal cualificador da convocatoria do referido proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2023), que se rexe polas bases específicas aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº 13/54, na sesión ordinaria celebrada o día 21 de febreiro de 2024, modificadas polo acordo número 16/118, do 13 de marzo de 2024, de aprobación das bases específicas reguladoras do referido proceso selectivo, **acordou convocar os opositores do precitado proceso selectivo, para a realización da PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA** que previamente fixará este Tribunal, que terá lugar o próximo día 19 de xuño de 2.026, as 10:00 horas, no Edificio de Novas Tecnoloxias, sito na Praza Anxo Fernández Gómez s/n, C.p. 27001,Lugo.

Na realización dese exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta Letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade as prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de 4 de decembro de 2023).

Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentas da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, **o título de CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado**, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas de que se trate, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (anexo 1) modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

Lugo 17 de xuño de 2026.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.